



RECOMENDACIÓNS PARA O ALUMNADO EDUCACIÓN INFANTIL

Do mesmo xeito que facemos na escola, é necesario que na casa se establezan rutinas de execución diaria. Dividimos as recomendacións en tres bloques principais.

Vida cotiá

- Intentade que se vistan e se desvistan sós.
- Que colaboren, dentro das súas posibilidades, nas tarefas domésticas.
- Procurade que se fagan responsables dos seus materiais e dos seus espazos (recoller, utilizar as cousas con coidado,...)

Linguaxe

- Lédelle textos adaptados á súa idade.
- Potenciaredes a súa creatividade e locución invitándoos/as a inventar historias.
- Podedes facerlle preguntas sobre as producións anteriores para fomentar a súa comprensión.
- Para estimular a linguaxe oral deberedes manter conversas con eles e introducilos nas conversas nas que interveñan máis persoas evitando facerlle preguntas que poidan contestar con monosílabos.

Actividades manipulativas

- Propiciade actividades de recortado, rachado, construción de boliñas....todo isto con distintos materiais que xa teñades pola casa. Non é necesario mercar nada.

Esperamos que esta situación remate o máis axiña posible e poidamos volver á normalidade de estar día a día co noso alumnado.

Un saúdo.

Aurora e Rosa